

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5029 *Real decreto lei 3/2010, do 26 de marzo, polo que se modifica a Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do Corpo da Garda Civil.*

A Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do Corpo da Garda Civil, estableceu no seu artigo 86 que os membros das escalas de suboficiais e de cabos e gardas pasaban á situación de reserva aos 58 anos de idade, ampliando deste xeito, en dous anos, o paso á situación que a normativa anterior fixaba en 56.

Para amortecer o impacto que esta medida puidese ter sobre determinadas situacións persoais, a disposición transitoria terceira da dita lei permitía que os compoñentes da escala de cabos e gardas que xa pertencían a esa escala no momento da entrada en vigor da lei mantivesen o dereito a pasar a reserva aos 56 anos, e puidesen acollerse á posibilidade de continuar ata os 58 anos os que así voluntariamente o solicitasen.

Transcorridos máis de dez anos desde a publicación da citada lei, e á vista dos cambios demográficos e sociais que a nosa sociedade experimentou nos últimos anos, cun incremento considerable non só da esperanza de vida, senón das condicións psicofísicas das persoas que alcanzan determinada idade, así como do enriquecemento que, para unha organización tan complexa como é a Garda Civil, supón poder contar coa experiencia e as capacidades profesionais dos seus compoñentes, resulta aconsellable adoptar medidas inmediatas que posibiliten facer fronte ás necesidades de seguridade cidadá e satisfacer, asemade, a demanda de numerosos compoñentes da institución que proximamente deberían pasar á situación de reserva, respectando, en todo caso, os dereitos que neste ámbito puidesen ter, de acordo coa normativa actualmente vixente.

En consecuencia, considérase de grande interese proceder a unha modificación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, para ofrecer a posibilidade de que os membros das escalas de suboficiais e de cabos e gardas que voluntariamente o desexen, poidan continuar na situación de activo, ata alcanzaren a idade de 60 anos. Desta forma, un número importante de membros do Corpo poderían seguir desempeñando as funcións que a institución ten asignadas, co que isto supón de optimización no emprego dos recursos humanos e de impacto positivo no número de efectivos resultante.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta dos ministros de Defensa e do Interior e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do Corpo da Garda Civil.*

A Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do Corpo da Garda Civil, queda modificada como segue:

Un. A alínea b) do número 1 do artigo 86 queda redactada do seguinte modo:

«b) Todos os empregos da escala de suboficiais e da de cabos e gardas: cincuenta e oito anos. Non obstante, poderán continuar ata os sesenta anos de idade os que voluntariamente o soliciten.»

Dous. O número 2 da disposición transitoria terceira queda redactado da seguinte forma:

«2. Os gardas civís que, no momento da entrada en vigor desta lei, integren a escala de cabos e gardas pasarán á situación de reserva ao cumpriren os cincuenta e seis anos. Non obstante, poderán pospoñer o seu paso á situación de reserva ata os sesenta anos de idade os que voluntariamente o soliciten.»

Disposición derradeira primeira. *Título habilitante.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do previsto nos artigos 86.1 e 149.1.29.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ